



## Formación profesional

# Programación das actividades asociadas á contorna laboral

### Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
15032169	CPR Tomás Barros (Coruña (A) - Coruña (A))	2019/2020

### Ciclo formativo

Código	Nome
CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia

### Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	A

### Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos da persoa titora do grupo)

Nome e apelidos
Blas Martelo Carballo

Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial.



## Introdución e contextualización

A Resolución do 23 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se adoptan medidas excepcionais no desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e nas ensinanzas de réxime especial, establece no seu artigo 1, apartado e), o seguinte:

Nos ciclos de grao medio e de grao profesional básico, substituír a Formación en centros de traballo por unha proposta de actividades asociadas á contorna laboral, segundo o modelo do anexo I.

## Especificacións das actividades a realizar

(Referencia a un proceso productivo real ou simulado específico do campo profesional asociado ao ciclo formativo)

Tal e como se recolle no anexo I, as actividades asociadas á contorna laboral consistirán na realización dun proceso productivo simulado, é dicir, un proxecto, programa ou plan recollido nun documento, que ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientable da competencia xeral, e as competencias profesionais, persoais e sociais integradas no perfil profesional, e desenvolvidas nos restantes módulos do título.

## Actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

O documento que imos a realizar elaborarse de acordo coas características da contorna profesional tendo en conta as funcións propias do noso título así como dos postos de traballo que podemos desenvolver.

Pódense incluír o tratamento de elementos relacionados coa xestión empresarial, as oportunidades de negocio e o desenvolvemento sustentable e equitativo. Elementos esenciais da seguridade e saúde laboral, avaliación de posibles riscos profesionais e planificación da prevención de riscos nos centros de traballo.

Os contidos relacionado coa xestión empresarial e a prevención de riscos laborais xa foron traballados nos módulos de Empresa e Iniciativa Emprendedora (2º curso) e Formación e Orientación Laboral (1º curso) polo que imos a facer máis énfase nos contidos relacionadas coas funcións propias do noso título na contorna laboral na que se desenvolven a nosas prácticas (FCT)





## Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

(Indicando as que deben realizar de forma individual ou en grupo)

As actividades serán todas individuais, e serán as seguintes:

1.- Descrición das características dos sectores produtivos. ▪ Características específicas dos sectores económicos vinculados en relación coa súa contorna económica. ▪ Estrutura e dimensión das empresas ou actividades produtivas. ▪ Ocupación e postos de traballo máis representativos.

Neste apartado imos a partir do decreto que regula o noso título para coñecer o contorno profesional do noso título e as ocupacións e postos de traballo máis salientables. Unha vez identificado as nosas saídas laborais, identificaremos o nosa función no centro de traballo de prácticas. Debermos de recoller información sobre a empresa ou entidade de prácticas e coñecer cal e o noso posto de traballo (características, funcións e organigramas propios de cada entidade).

2.- Identificación das necesidades dos sectores produtivos. a) Identificar os servizos máis demandados na actividade económica seleccionada e posibles oportunidades para o desenvolvemento futuro. b) Indicación do proxecto, programa, plan de actividades: necesidade detectada, actividade propia da entidade, innovacións, novos servizos, recursos necesarios, viabilidade, e xustificación.

3.- Desenvolvemento. Inclúense os seguinte apartado a realizar: - Título da proposta de actividades. - Xustificación da necesidade detectada ou novos servizos a poñer en marcha. - Actividades que se van a desenvolver - Recursos necesarios: espazos, tempo e persoal - Mecanismos de avaliación - Conclusións e reflexión final.

## Horarios previstos para as actividades de titoría, seguimento, canles de comunicación.

Establécense dos grupos de alumnos/as en función do centro asignado de prácticas e o perfil elixido. A realización desta proposta de actividades contempla tarefas telemáticas e por correo electrónico. A asistencia é obrigatoria tendo en conta a xustificación previa da non asistencia. As titorías serán todas en horario de Xoves as 11:00 e Xoves as 18:00.

## Prazo e formato de entrega das actividades

O prazo límite de entrega será o Venres 12 de Xuño do 2020 e o formato de entrega será preferiblemente en PDF



## Mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva e criterios de cualificación

A avaliación dos traballos realizarse atendendo aos seguinte criterios de carácter xeral:

- Presentación escrita (30%): corrección, coherencia e adecuación lingüística.
- Contido (40%): relevancia, orixinalidade da temática, profundidade e rigor no seu tratamento, claridade da estrutura, precisión das conclusións.
- Entrega dos apartados para a súa corrección e confirmación (20%).
- Asistencia as titorías (10%)

Serán mínimos exixibles todos os puntos descritos no apartado de *“Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado”*.